

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 8 de abril de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de abril de 2024 polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da pasarela peonil na OU-150, en Cudeiro-Ourense (clave OU/22/163.06).

Antecedentes.

Con data do 31 de outubro de 2023 publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 207 o anuncio do 19 de outubro de 2023 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado da pasarela peonil na OU-150, en Cudeiro, Ourense, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido (clave OU/22/163.06).

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de abril de 2024 polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da pasarela peonil na OU-150, en Cudeiro, Ourense, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que lle pon fin á vía administrativa, poderase formular un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa; sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo se poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: mzpnm709-sle1-hhm9-um42-fxyegoodfte51



No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

**Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de abril de 2024
polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das
administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto do trazado da
pasarela peonil na OU-150, en Cudeiro, Ourense**

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e o informe das administracións afectadas do proxecto de trazado da pasarela peonil na OU-150, en Cudeiro, Ourense, de clave OU/22/163.06, sen modificacións respecto do trazado sometido á información pública.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado da pasarela peonil na OU-150, en Cudeiro, Ourense, de clave OU/22/163.06.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Ourense, no cal se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, en que se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para a reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, de ser o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: mzpnm709-sle1-hhm9-um42-fxyegoodfe51

